

**ACTA DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO**

**Sesión ordinaria do 24 de xullo de 2020**

**LISTA DE ASISTENTES**

Manuel Ramos Cabrer  
Isela Lavilla Beltrán  
Oscar Ferreiro Vázquez  
Iñigo Cuiñas Gómez  
Beatriz Gómez Fariñas  
Elena Rivo López  
Antonio Collazo Fernández  
María Vera Isasa  
Marta María Pazos  
Luis Pérez Gómez

O venres, día 24 de xullo de 2020, ás 10:00 horas, na sala 10 no Campus Remoto da Universidade de Vigo comeza a reunión ordinaria da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), coa seguinte orde do día:

- 1- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
- 2- Informe do presidente.
- 3- Asuntos de profesorado.
- 4- Aprobación, se procede, de modificacións do POD para o curso 2020/21.
- 5- Aprobación, se procede, de modificacións puntuais da PDA de Títulos de Grao para o curso 2020/21.
- 6- Informe sobre solicitude de Comisión de Servizos de Dña. M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez.
- 7- Aprobación, se procede, da Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.
- 8- Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de grao.
- 9- Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de máster.
- 10- Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de doutoramento.
- 11- Aprobación, se procede, de cambios de coordinador/a en máster universitarios.
- 12- Aprobación, se procede, da planificación docente de materias do Programa de maiores para o curso 2020/21.
- 13- Aprobación, se procede, dos calendarios do Programa de maiores para o curso 2020/21.
- 14- Aprobación, se procede, do orzamento para o curso 2020/21 do Programa de maiores.
- 15- Aprobación, se procede, de memorias e modificación de cursos de formación, cursos complementarios e especialista.
- 16- Rogos e preguntas.

Presidiu a sesión o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos Cabrer.

Asistiron os membros que se indican na marxe.

Debatéronse os puntos da orde do día, debendo sinalar que:

**PUNTO 1: Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.**

Apróbanse, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do 1 de xuño de 2020 e a acta da reunión extraordinaria do 9 de xuño de 2020.

**PUNTO 2: Informe do presidente.**

O presidente informa sobre os seguintes temas:

-Estado concursos profesorado permanente (prazas de TU e CU).

Unha vez reanudado o concurso o día 01/06/20, publicouse o listado definitivo o luns, 20 de xullo e xa hai tres prazas previstas de celebrarse na semana do 27 de xullo. Á hora de computar o prazo dun mes para a constitución dos tribunais, decidiuse non considerar hábil o mes de agosto para este cómputo, polo que o prazo rematará o 20 de setembro.

-O 17 de xuño publicouse a resolución reitoral pola que se abriu o prazo para a actualización das listas do profesorado acreditado a TU e a CU da Universidade de Vigo. Hai 9 solicitudes de acreditados para incluír na listaxe de profesorado Titular de Universidade e 13 solicitudes de acreditados para incluír na listaxe de Catedrático/a de Universidade. Destes últimos hai un excluído, ao non cumprir os requisitos establecidos no artigo 62.2 da LOU (funcionario de carreira do corpo de profesorado Titular de Universidade que prestaran, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo a dita condición).

-Estado concursos profesorado temporal

Estaban paralizados dous concursos, o de Profesorado Axudante Doutor e os de Profesorado Asociado en Ciencias da Saúde para o grao en Enxeñería Biomédica. Xa están resoltas todas as prazas e asinados os contratos, salvo 3 de profesorado Axudante Doutor, nas que se presentaron reclamacións e están pendentes de resolver na Comisión de Reclamacións.

-Estado quinquenios.

Xa están resoltos todos os quinquenios salvo os que se teñen que resolver na COAP. Pagaranse na nómina de xullo ou de agosto.

-Estado sexenios de transferencia/investigación.

Os sexenios de transferencia xa están todos resoltos e comunicados os concedidos á Xunta (sobre uns 150 sexenios de transferencia

concedidos), polo que está totalmente rematada a primeira convocatoria. Habería que debater nunha próxima COAP se habilitan para ter recoñecementos docentes para próximos POD.

Debido a esta convocatoria dos sexenios de transferencia, os sexenios de investigación levan retraso, xa que a ANECA comezou a avalialos fai poucos días.

-Resolución Mención de Excelencia Másteres.

A Xunta sómente concedeu a Mención de Excelencia a 3 másteres do SUG, segundo se recolle no DOG. Se lle outorgaron 2 a Universidade da Coruña e un a Universidade de Santiago de Compostela, aínda que é probable que se caia un dos dous outorgados á Universidade da Coruña, polo que quedarían soamente dous másteres con Mención de Excelencia.

**PUNTO 3: Asuntos de profesorado**

Apróbase por asentimento, os acordos relacionados no anexo I.

**PUNTO 4: Aprobación, se procede, de modificacións do POD para o curso 2020/21.**

Apróbanse por asentimento as modificacións que figuran no anexo II.

**PUNTO 5: Aprobación, se procede, de modificacións puntuais da PDA de Títulos de Grao para o curso 2020/21.**

Apróbanse por asentimento, as modificacións puntuais da PDA de Títulos de Grao para o curso 20/21 que figuran no anexo III.

**PUNTO 6: Informe sobre solicitude de Comisión de Servizos de Dna. M<sup>a</sup> Inmaculada Valeije Álvarez.**

Acórdase informar favorablemente sobre a solicitude de Comisión de Servizos de María Inmaculada Valeije Álvarez, para a súa posterior aprobación no Consello de Goberno.

**PUNTO 7: Aprobación, se procede, da Transformación dos Contratos do Profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.**

Unha vez recibidas as solicitudes e comprobado que cumpren os requisitos establecidos no Procedemento para a transformación dos contratos do profesorado Axudante Doutor a profesorado Contratado Doutor Interino (CG 02/06/20), acórdase aprobar a transformación dos contratos do seguinte profesorado:

APELIDOS		NOME	ÁREA	DPTO
CARRERA	FERNANDEZ	MARIA VICTORIA	A0805	00X01
CONCHEIRO	CASTIÑEIRA	MIGUEL	A0600	00T03
JIMENEZ	ALEMAN	ANGEL ADAY	A0135	00X03
MOVILLA	PATEIRO	LAURA	A0160	00X03
VIDAL	LOPEZ	MANUEL	A0205	00X05
MOCIÑO	GONZALEZ	MARIA ISABEL	A0195	00X05
REY	EIRAS	EZEQUIEL	A0187	00X05
SOTO	GONZALEZ	MARIA MERCEDES	A0413	00C01

**PUNTO 8: Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de grao.**

Acórdase informar favorablemente as modificacións e verificacións dos títulos de grao relacionados no anexo IV.

**PUNTO 9: Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de máster.**

Acórdase informar favorablemente as modificacións e verificacións dos títulos de máster relacionados no anexo IV.

**PUNTO 10: Informe para a tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de doutoramento.**

Acórdase retirar a solicitude de modificación do doutoramento en Educación, Deporte e Saúde, que queda adiado para setembro.

**PUNTO 11: Aprobación, se procede, de cambios de coordinador/a en máster universitarios.**

Apróbase por asentimento os cambios de coordinación en máster universitarios que se relacionan no anexo V.

**PUNTO 12: Aprobación, se procede, da planificación docente de materias do Programa de maiores para o curso 2020/21.**

O presidente indica que vai a empezar en modalidade virtual, xa que se trata de persoas de risco, e despois verase se se pasa a mixta ou a presencial. Hai un problema de espazo para impartir o Programa, xa que os centros onde se impartía a docencia, fixeron uso destes espazos para a docencia dos graos e máster.

Apróbanse por asentimento, os horarios, profesorado e matrícula (integrado e intensivo) relacionado no anexo VI.

**PUNTO 13: Aprobación, se procede, dos calendarios do Programa de maiores para o curso 2020/21.**

Apróbanse por asentimento os calendarios do Programa de Maiores para o curso 20/21 que figuran no anexo VII.

**PUNTO 14: Aprobación, se procede, do orzamento para o curso 2020/21 do Programa de maiores.**

Apróbase por asentimento, o orzamento para o curso 20/21 do Programa de Maiores que figura no anexo VIII.

**PUNTO 15: Aprobación, se procede, de memorias e modificación de cursos de formación, cursos complementarios e especialista.**

*Tras analizar as solicitudes recibidas, apróbanse, por asentimento, as memorias e cursos que figuran no Anexo IX.*

**PUNTO 16: Rogos e preguntas.**

*Intervén Beatriz Gómez preguntando sobre a solicitude de cambio de adscrición da profesora Patricia Valcárcel. O presidente contesta que se levará a próxima COAP do mes de setembro. Beatriz indica que lerá a tese o próximo luns, 27 de xullo, polo que deixará de ser membro da COAP como representante do alumnado. O vicerreitor agradécelle a súa participación na Comisión.*

*A Secretaria,*

*O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado*

*Isela Lavilla Beltrán*

*Manuel Ramos Cabrer*